

Obradoiros para o alumnado do Enreguéifate 2023-24



Os obradoiros Enreguéifate enmárcanse dentro do proxecto homónimo organizado polos concellos de Ames, Carballo, Pontevedra, Santiago de Compostela e Teo, co que se procura impulsar a improvisación oral en verso e contribuír a través dela á promoción do uso da lingua galega.

HABILIDADES

A regueifa fomenta a capacidade de articular un discurso improvisado e amplía as aptitudes retóricas. Posibilita un diálogo que saca á luz, dun xeito horizontal, as desigualdades e traballa habilidades como a escoita ou a atención e o respecto pola persoa interlocutora.

Na mocidade, é unha potente ferramenta para desenvolver a autoconsciencia, a seguridade propia e a autoestima nunha etapa de conformación da identidade de cada persoa.

METODOLOXÍA

Partimos dos coñecementos previos do alumnado para propiciar unha aprendizaxe significativa. A interacción é continua e empréganse técnicas de traballo en grupo e de colaboración mutua. Desde o fomento da liberdade discursiva e o diálogo, dáselle azos ao alumnado para que sexa quen de se expresar en público, creando un ambiente de confianza e horizontalidade. Traballamos, pois, partindo da autorregulación grupal, da motivación e do reforzo positivo.

DATAS DE REALIZACIÓN

Os obradoiros realizaranse en horario de mañá entre o **20 e 27 de outubro**.



DURACIÓN

A duración de cada obradoiro é de 90 minutos, polo que se desenvolverá en dúas sesións seguidas de 45 minutos cada unha (dúas clases).

NIVEIS E NÚMERO DE PARTICIPANTES

Os obradoiros están dirixidos a escolares de 5º e 6º de Educación Primaria e da ESO, en grupos de ata 30 persoas.

INSCRICIÓN

Entre o 2 e o 6 de outubro de 2023, enviando un correo a normalizacion@concellodeames.gal.

ALGUNHA DÚBIDA?

Contacta co Departamento de Normalización Lingüística do Concello de Ames, no correo normalizacion@concellodeames.gal ou no teléfono **662 37 72 15**.

